



Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Traballo de
fin de grao

O salario mínimo

Situación na UE, comparativa
nos mercados de traballo
español e francés e efectos
sobre o emprego

Lois Pimentel Iglesias

Grao en Economía

Xullo 2020

Resumo

O presente traballo céntrase no estudo do salario mínimo, un tema en torno ao cal os debates no noso país volveron rexurdir con forza nos últimos tempos. A súa análise, ademais, cobra especial interese no caso español por tratarse dun país cuxos niveis de desemprego adoitan atoparse de xeito sistemático por enriba da media da UE. O obxectivo deste traballo consiste en examinar en que posición se atopa España dentro do contexto da UE no referido ao salario mínimo e, máis concretamente, realizar unha análise comparativa entre España e Francia con respecto do tema en cuestión. A idoneidade da observación e comparación entre estes dous países reside en que son aqueles territorios que, con data de 2018, contaban co menor e maior índice de Kaitz (IK), respectivamente, de toda a UE. Ademais, tamén realizamos unha aproximación á relación existente entre os IK e as taxas de desemprego dunha economía.

Para levar a cabo estas análises, abarcamos un horizonte temporal de catro décadas e centrámonos nas orixes e evolución dos principais indicadores referidos ao salario mínimo. Observamos como a fórmula legal de revalorización dos salarios mínimos existente en cada país determinou, por un lado, un aumento case ininterrompido do poder adquisitivo do salario mínimo francés dende 1980, mentres que, para o caso español, o corrente foron as perdas no seu poder de compra. Isto supuxo, ademais, que mentres que o IK en Francia se mantivo estable e sen grandes alteracións dende 1980 ata a actualidade, en España esta variable retrocedeu fortemente dende os inicios da democracia ata 2003. Por outra banda, mediante unha análise desagregada a nivel territorial, concluímos a existencia dunha certa correlación lineal positiva entre o IK de cada Comunidade Autónoma e a súa respectiva taxa de desemprego. Pola contra, no caso francés, esta correlación parece inexistente.

En cumprimento coa normativa, este traballo conta con 9.997 palabras.

Índice

Resumo	2
Índice	3
Índice de siglas e abreviaturas	5
Índice de gráficos e táboas	7
Introdución	9
Desenvolvemento do traballo	10
1 Efectos sobre o emprego dos salarios mínimos	10
1.1 Principais modelos teóricos	10
1.1.1 Modelo competitivo	10
1.1.2 Modelo monopsónico	11
1.1.3 Modelo con traballadores heteroxéneos	11
1.1.4 Modelos baseados na Teoría dos Salarios de Eficiencia	11
1.2 Principais resultados empíricos na literatura económica	12
1.2.1 O Índice de Kaitz: definición e formas de medición	12
1.2.2 Resultados de estudos previos.....	13
2 Salarios mínimos dentro da Unión Europea	15
2.1 Sistemas de fixación do salario mínimo na UE-27	15
2.2 Diversos indicadores sobre o salario mínimo na UE-21	16
3 Caracterización do mercado de traballo español con respecto ao SMI	22
3.1 Orixes e regras de fixación do SMI	22
3.2 Evolución do SMI	22

3.3	Estudo desagregado por CCAA	26
4	Caracterización do mercado de traballo francés con respecto ao <i>SMIC</i>	29
4.1	Orixes e regras de fixación do <i>SMIC</i>	29
4.2	Evolución do <i>SMIC</i>	30
4.3	Estudo desagregado por rexións.....	33
5	Comparación entre os mercados de traballo español e francés respecto ao salario mínimo.....	36
	Conclusiones, limitacións e ampliacións	38
	Referencias citadas.....	40

Índice de siglas e abreviaturas

BE: Banco de España.

CCAA: Comunidades Autónomas.

CNNCEFP: Commission Nationale de la Négociation Collective, de l'Emploi et de la Formation Professionnelle.

CCOO: Comisións Obreiras.

CSE: Carta Social Europea.

DARES: Direction de l'Animation de la Recherche, des Études et des Statistiques.

Desv.: desviación.

EPA: Estándares de Poder Adquisitivo.

EPA: Enquisa de Poboación Activa.

EEUU: Estados Unidos.

GMR: Garantie Mensuelle de Rémunération.

IK: Índice de Kaitz.

INE: Instituto Nacional de Estadística.

INSEE: Institut National de la Statistique et des Études Économiques.

IPC¹: Índice de Prezos ao Consumo.

IPC²: Indice des Prix à la Consommation.

MCVL: Mostra Continua de Vidas Laborais.

OCDE: Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos.

OIT: Organización Internacional do Traballo.

PPA: Paridade de Poder Adquisitivo.

PSOE: Partido Socialista Obreiro Español.

SHBOE: Salaire Horaire de Base des Ouvriers et Employés.

SMI: Salario Mínimo Interprofesional.

SMIC: Salaire Minimum Interprofessionnel de Croissance.

SME: Salario Medio.

SMe: Salario Mediano.

Rep.: república.

UE: Unión Europea.

UP: Unidas Podemos.

Índice de gráficos e táboas

GRÁFICO 1: EFECTO DO SALARIO MÍNIMO NUN MERCADO DE TRABALLO COMPETITIVO.....	11
GRÁFICO 2: EFECTO DO SALARIO MÍNIMO NUN MERCADO DE TRABALLO MONOPSÓNICO	11
GRÁFICO 3: EFECTO DO SALARIO MÍNIMO NA DISTRIBUCIÓN SALARIAL NUN MODELO CON TRABALLADORES HETEROXÉNEOS .	12
GRÁFICO 4: MEDIA E DESVIACIÓN ESTÁNDAR DOS SALARIOS MÍNIMOS MENSUAIS BRUTOS DOS PAÍSES DA UE DE RÉXIME XERAL (EN EPA , 1999-2020)	18
GRÁFICO 5: TAXAS DE VARIACIÓN INTERANUAIS DO SMI E DO IPC (ESPAÑA, 1980-2020, EN %)..	23
GRÁFICO 6: ÍNDICES DE KAITZ E TAXA DE PARO (ESPAÑA, 1980-2018)	26
GRÁFICO 7: CORRELACIÓN ENTRE O ÍNDICE DE KAITZ E A TAXA DE PARO DAS CCAA (2017).....	28
GRÁFICO 8: TAXAS DE VARIACIÓN INTERANUAIS DO <i>SMIC</i> E DO <i>IPC</i> (FRANCIA, 1981-2019, EN %).....	30
GRÁFICO 9: GRAO DE COBERTURA DO <i>SMIC</i> (FRANCIA, 1991-2019, EN %).....	31
GRÁFICO 10: ÍNDICES DE KAITZ E TAXA DE PARO (FRANCIA, 1980-2018)	33
TÁBOA 1: MODELOS DE FIXACIÓN DO SALARIO MÍNIMO NA UE.....	15
TÁBOA 2: SALARIOS MÍNIMOS MENSUAIS BRUTOS NOS PAÍSES DA UE DE RÉXIME UNIVERSAL MÁIS EEUU (EN € NOMINAIS) .	16
TÁBOA 3: SALARIOS MÍNIMOS MENSUAIS BRUTOS NOS PAÍSES DA UE DE RÉXIME UNIVERSAL MÁIS EEUU (EN EPA).....	17
TÁBOA 4: ÍNDICE DE KAITZ NOS PAÍSES DA UE DE RÉXIME UNIVERSAL MÁIS EEUU (SALARIO MÍNIMO ENTRE SALARIO MEDIO)	19
TÁBOA 5: ÍNDICE DE KAITZ NOS PAÍSES DA UE DE RÉXIME UNIVERSAL MÁIS EEUU (SALARIO MÍNIMO ENTRE SALARIO MEDIANO)	20
TÁBOA 6: GRAO DE COBERTURA ESTIMADO PARA 2019 DO SMI SEGUNDO SEXO, IDADE, TIPO DE CONTRATO, TAMAÑO DE ESTABLECEMENTO E SECTOR DE ACTIVIDADE (ESPAÑA, EN %)	25
TÁBOA 7: GRAO DE COBERTURA ESTIMADO PARA 2019 DO <i>SMIC</i> SEGUNDO SEXO, IDADE, TIPO DE CONTRATO, TAMAÑO DE EMPRESA E SECTOR DE ACTIVIDADE (FRANCIA, EN %)	32
TÁBOA 8: SALARIOS MEDIOS BRUTOS ANUAIS, ÍNDICES DE KAITZ E TAXAS MEDIAS ANUAIS DE PARO POR REXIÓNS (FRANCIA, 2016)	34

TÁBOA 9: RESUMO DAS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DO SALARIO MÍNIMO EN ESPAÑA E FRANCIA 36

Introducción

A OIT define o salario mínimo como aquela “cuantía mínima de la remuneración que un empleador deberá abonar a sus asalariados por las prestaciones que éstos hayan efectuado durante un determinado período, sin que dicha cuantía pueda ser rebajada mediante convenio colectivo ni acuerdo individual” (Organización Internacional do Traballo [OIT], 2014). As consecuencias que variacións no seu nivel orixinan tanto no plano económico, coma no social ou no laboral non son de todo claras. Precisamente o seu estudo revélase como un tema fundamental nun momento no que a subida do SMI levada a cabo en España en 2019 resulta non contar con precedentes en máis de corenta anos.

O obxectivo do noso traballo consiste, por un lado, en estudar en que punto se atopa España no referido ao salario mínimo con respecto aos países do seu entorno, así como en realizar unha aproximación á relación existente entre o índice de Kaitz e as taxas de desemprego dunha economía. Con este fin, o traballo estrutúrase como segue.

Por unha banda, e para ter unha visión global do tema en cuestión, procederemos no epígrafe 2 a estudar a situación dos salarios mínimos dentro dos países da UE, tanto dende un punto de vista legal, coma dende un punto de vista puramente económico, para o cal nos apoiaremos fundamentalmente no índice Kaitz. Tras isto, nos epígrafes 3 e 4, e estudados os resultados desta primeira análise, centraremos a nosa atención naqueles dous países que se revelaron coma antagónicos no referido ao peso que nos seus mercados de traballo posúe o cociente entre salario mínimo e mediano: Francia e España.

Ademais, como paso previo, comezaremos no epígrafe 1 por achegarnos á relación existente entre o índice de Kaitz e as taxas de desemprego dunha economía, tanto dende un punto de vista teórico coma empírico. A información recompilada nesta sección constituirá o noso punto de referencia á hora de incluír ao longo do traballo as nosas propias análises de correlación entre ambas variables para os países estudados.

Desenvolvemento do traballo

1 Efectos sobre o emprego dos salarios mínimos

Nesta primeira sección trataremos de revisar sucintamente cales son os efectos que a introdución dun salario mínimo podería ter en termos de emprego nun mercado de traballo. Para isto comezaremos observando estas consecuencias dende un marco puramente teórico para, deseguido, sintetizar os principais resultados que se teñen obtido a nivel empírico.

1.1 Principais modelos teóricos

Dende un punto de vista estritamente teórico, os efectos que se producirán sobre o emprego ante variacións do salario mínimo dependerán fundamentalmente do tipo de mercado laboral en cuestión.

1.1.1 Modelo competitivo

O modelo clásico parte da existencia dun único mercado laboral competitivo onde todos os traballadores son homoxéneos: idénticas calidades e niveis de esforzo (definidos de xeito esóxeno) e mesma remuneración (que será igual ao valor da súa produtividade marxinal). Baixo estas premisas, partimos dunha situación de equilibrio inicial definida pola intersección das curvas de oferta e demanda de traballo caracterizada polo pleno emprego (E_0) e a un nivel de remuneración de W_0 . A introdución dun salario mínimo superior ao de equilibrio (W_m) produciría que aqueles traballadores cuxa produtividade marxinal fose inferior ao salario mínimo fosen despedidos. A intensidade do desemprego xurdido dependerá, entre outros factores, da elasticidade da demanda de traballo (a maior elasticidade, maior redución do emprego) (Güemes, 1999). Os efectos tamén poden variar en función da evolución na cualificación dos traballadores e segundo a fase do ciclo económico na que nos atopemos (Cebrián, Pitarch, Rodríguez, & Toharia, 2010).

1.1.2 Modelo monopsonico

Se consideramos que o mercado de traballo funciona de xeito monopsonico, onde só existe un único demandante de emprego, este poderá fixar os salarios por debaixo da produtividade marxinal do traballo e seguir contratando empregados ata que o custo marxinal iguale á demanda de traballo (remunerado a W_0). Se o goberno fixa un salario mínimo no punto W_m , o emprego aumentará ata situarse en E_m . É dicir, calquera salario mínimo que sexa fixado entre W_0 e W_m conducirá a reducións nas taxas de desemprego (Brown, Gilroy, & Kohen, 1982).


1.1.3 Modelo con traballadores heteroxéneos

Se tentamos aproximarnos á realidade de calquera mercado de traballo dun xeito máis fidedigno, podemos ver como os demandantes de emprego non van ser homoxéneos, senón que diferirán en canto ás súas calidades, produtividade ou remuneración. Neste modelos supoñemos que, en ausencia dun salario mínimo, a distribución salarial terá forma de campá de Gauss. Cando se implementa un salario mínimo nun nivel W_m , parte dos traballadores que estaban sendo remunerados a soldos inferiores (é dicir, os menos cualificados) serán despedidos (parte da área A), mentres que outros continuarán nos seus postos producíndose maior concentración de traballadores remunerados en torno ao salario mínimo (área B) (Güemes, 1999).

1.1.4 Modelos baseados na Teoría dos Salarios de Eficiencia


Este tipo de modelos parten da teoría de que aumentos nos niveis salariais poden conducir a incentivar os índices de produtividade. Deste xeito, elevacións do salario mínimo poderían conducir a un aumento da produtividade do traballo e ao conseguinte desprazamento da curva de demanda cara a dereita. Isto podería implicar situacións nas que se producisen, de xeito simultáneo, aumentos no salario mínimo e nos niveis de emprego (Cebrián *et al.*, 2010).

Gráfico 1: Efecto do salario mínimo nun mercado de traballo competitivo.




Fonte: Güemes, M. I. (1999). Perspectivas teóricas sobre los salarios mínimos. *Anales de estudios económicos y empresariales*, 14, p. 151.

Gráfico 2: Efecto do salario mínimo nun mercado de traballo monopsonico.



Fonte: Güemes, M. I. (1999). Perspectivas teóricas sobre los salarios mínimos. *Anales de estudios económicos y empresariales*, 14, p. 158.

Gráfico 3: Efecto do salario mínimo na distribución salarial nun modelo con traballadores heteroxéneos.



Fonte: Güemes, M. I. (1999). Perspectivas teóricas sobre los salarios mínimos. *Anales de estudios económicos y empresariales*, 14, p. 155.

1.2 Principais resultados empíricos na literatura económica

1.2.1 O Índice de Kaitz: definición e formas de medición

Tal e como vimos de ver no apartado anterior, os diferentes modelos teóricos difiren uns dos outros á hora de avaliar o impacto que as variacións do salario mínimo producirán sobre os niveis de emprego. Por este motivo cobra especial relevancia analizar os principais estudos empíricos que se teñen realizado ao respecto. Para isto, debemos comezar por explicar unha variable que é empregada de xeito recorrente nestas análises: o índice de Kaitz.

Para que as variacións no salario mínimo poidan ter efectos sobre as taxas de emprego ou, *grosso modo*, sobre a economía no seu conxunto, este nivel salarial mínimo debería ser o suficientemente alto para que actuase como límite inferior efectivo. É dicir, dada unha determinada distribución salarial pertencente a un país calquera, a fixación dun salario mínimo notoriamente inferior á media ou mediana de dita distribución non poderá xerar efectos significativos nesa economía en termos de emprego posto que, na realidade, non estaría actuando como chan salarial efectivo (o cal se atoparía por enriba do mesmo). Por todo isto, cando se realizan estudos econométricos e se elixen as variables a empregar, debe buscarse un indicador que reflecta a importancia relativa do salario mínimo dentro do conxunto salarial total. Un dos instrumentos máis empregados é o xa citado índice de Kaitz.

O índice de Kaitz, tal e como indican Card e Krueger (1995), foi desenvolvido durante os anos setenta do século pasado por Hyman Kaitz e constitúe o indicador máis amplamente empregado para estudar o impacto que producen os cambios no

salario mínimo. Na súa versión orixinal, o índice de Kaitz (MW_t) foi definido do seguinte xeito:

$$MW_t = \sum_i f_{it} \frac{m_t}{w_{it}} c_{it}$$

Onde f_{it} indica a proporción de traballadores mozos (menores de 18 anos) nunha determinada industria i ao longo dun período t , m_t é o salario mínimo vixente nese período, w_{it} correspóndese co salario medio da anterior industria i no mesmo período t e c_{it} representaría a proporción de traballadores que perciben o salario mínimo na mesma industria e período.

Se profundamos na fórmula anterior, o seu núcleo fundamental formado polo cociente m_t/w_{it} móstranos o peso relativo do salario mínimo con respecto ao salario medio. Na práctica habitual, son numerosos os autores que optan por empregar esta simplificación do índice de Kaitz (en adiante, IK). Pola contra, algúns outros van máis lonxe e multiplican este cociente pola variable c_{it} conseguindo que este quede ponderado polo grao de cobertura do salario mínimo. Xa por último, se o que se pretende é estudar máis particularmente ao colectivo dos empregados mozos, podería engadirse a variable f_{it} (Legge, 2009).

En canto ao nivel óptimo no que debería situarse o IK, destacamos que non existe un gran consenso, se ben a cifra que moitos adoitan tomar como referencia é aquela establecida pola Carta Social Europea (60% con respecto ao salario medio).

1.2.2 Resultados de estudos previos

Os estudos empíricos que se teñen realizado sobre os efectos xerados nos niveis de emprego ante cambios no salario mínimo, adoitan centrarse en como estas variacións afectan en concreto a determinados colectivos: mozos, mulleres, inmigrantes, etc. Ademais, acostuman a focalizarse no cálculo das elasticidades dos niveis de emprego ante cambios no salario mínimo (o signo positivo ou negativo das mesmas será determinante). Entre as variables máis empregadas nestes modelos adoita figurar o IK.

Unha das principais ideas que podemos extraer neste sentido consiste en sinalar que “la gran mayoría de los estudios [...] han llegado a la conclusión de que, independientemente del signo de los efectos que tiene el salario mínimo sobre el nivel de desempleo, éstos son muy pequeños” (Amer Garau, 2014).

Por outra banda, se ben en xeral parece existir un certo consenso en que o colectivo dos traballadores mozos podería ser un dos máis afectados en termos de desemprego por subidas do salario mínimo, outros estudos feitos para o caso español conclúen que “el mayor incremento en la probabilidad de perder el empleo se produjo entre los trabajadores de mayor edad, incluso cuando se los compara con los más jóvenes” (Galán & Puente, 2012a).

En resumo, os efectos no emprego dos cambios no salario mínimo é un tema controvertido entre os propios economistas, dado que “los modelos teóricos no predicen con certeza el signo de la variación en el empleo, divergencia que también se pone de manifiesto en los estudios empíricos realizados” (González Güemes, Jiménez Martín, & Pérez Domínguez, 2003).

En síntese, e sen ánimo de profundar neste tema dadas as limitacións espaciais do propio traballo, pode resultarnos clarificador quedarnos coa idea seguinte a modo de conclusión.

La evidencia empírica disponible sobre los efectos de subidas del SMI no es concluyente, encontrándose una elevada variedad de resultados, si bien, en general, tiende a identificarse que el aumento del salario mínimo tiene un efecto negativo –aunque reducido– sobre el empleo. (Banco de España, 2017, p. 17).

2 Salarios mínimos dentro da Unión Europea

Nesta sección do traballo procederemos a realizar unha análise sobre a situación na que se atopa o salario mínimo nos diferentes países que forman parte da UE. Comezaremos por observar os diferentes modelos que existen á hora de configurar dito salario mínimo e continuaremos con diversas estatísticas sobre o mesmo.

2.1 Sistemas de fixación do salario mínimo na UE-27

Se reparamos nos diferentes modelos existentes en canto á fixación de salarios mínimos, podemos distinguir dous tipos claramente diferenciados. Por un lado, a situación presente na gran maioría dos países da UE consiste na existencia dun único salario mínimo a nivel nacional para todos os empregados (con certas excepcións). Este sistema é o coñecido como “régime universal”. Pola contra, en seis dos vinte e sete países comunitarios o sistema que opera é o chamado modelo de “régime sectorial”. Isto implica a coexistencia de diversos niveis de salario mínimo que serán definidos para cada sector ou rama de actividade. En ambos sistemas, a fixación do salario mínimo pode levarse a cabo mediante leis ou a través de convenios colectivos ou negociacións tripartitas entre empregadores, sindicatos e Estado (Schulten, 2014). Hogano, os países da UE poden clasificarse como segue.

Táboa 1: Modelos de fixación do salario mínimo na UE.

Instrumento regulador / Ámbito	Leis	Convenios colectivos ou acordos tripartitos
Régime universal	Francia, Luxemburgo, Países Baixos, Irlanda, Grecia, Malta, Portugal, España, Croacia, Lituania, Letonia, Romanía, Eslovenia, Rep. Checa e Hungría	Bélxica, Alemaña, Bulgaria, Estonia, Polonia e Eslovaquia
Régime sectorial	Chipre	Dinamarca, Finlandia, Suecia, Austria e Italia

Fonte: Schulten, T. (2014). Contours of a European Minimum Wage Policy [Contornos dunha política europea de salario mínimo]. Berlín: Friedrich Ebert Stiftung.

Cabe destacar, en relación con esta cuestión, que naqueles países onde está establecido o modelo de réxime sectorial, o grao de cobertura dos empregados amparados por convenios colectivos adoita ser elevado: 80% en Dinamarca e en Italia, 90% en Finlandia, 91% en Suecia e 99% en Austria, porcentaxes referidas aos anos 2008-2009 (Eldring & Alsos, 2012).

2.2 Diversos indicadores sobre o salario mínimo na UE-21

Nas diversas estatísticas que imos analizar nesta sección do traballo incluiremos a aqueles países da UE que contan co réxime universal en canto á fixación de salarios mínimos (en adiante, UE-21). Nótese, ademais, que tamén engadiremos datos referidos aos EEUU dada a gran importancia que o seu mercado de traballo posúe a nivel mundial.

Táboa 2: Salarios mínimos mensuais brutos nos países da UE de réxime universal máis EEUU (en € nominais).

	2016	2017	2018	2019	2020
Alemaña	1.440,00	1.498,00	1.498,00	1.557,00	1.584,00
Bélxica	1.516,88	1.547,26	1.562,59	1.593,81	1.593,81
Bulgaria	214,75	235,20	260,76	286,33	311,89
Rep. Checa	365,63	413,50	473,33	521,80	574,62
Croacia	411,47	437,72	464,03	506,42	546,07
Rep. Eslovaca	405,00	435,00	480,00	520,00	580,00
Eslovenia	790,73	804,96	842,79	886,63	940,58
España	764,40	825,65	858,55	1.050,00	1.108,30 ¹
Estonia	430,00	470,00	500,00	540,00	584,00
Francia	1.466,62	1.480,27	1.498,47	1.521,22	1.539,42
Grecia	683,76	683,76	683,76	721,05	758,33
Hungría	350,69	412,09	431,58	462,47	487,10
Irlanda	1.546,35	1.563,25	1.613,95	1.656,20	1.656,2
Letonia	370,00	380,00	430,00	430,00	430,00
Lituania	365,00	380,00	400,00	555,00	607,00
Luxemburgo	1.922,96	1.998,59	1.998,59	2.089,75	2.141,99
Malta	728,04	735,63	747,54	761,97	777,10
Países Baixos	1.530,90	1.558,50	1.586,10	1.625,70	1.635,6
Polonia	425,45	463,38	491,48	526,28	610,79
Portugal	618,33	649,83	676,67	700,00	740,83
Romanía	254,22	296,96	407,66	442,69	466,23
Estados Unidos	1.143,11	1.146,68	1.062,89	1.100,91	1.118,63

¹ A base de datos de *Eurostat* non recolle actualmente a última subida do SMI aprobada polo Goberno de España tras o Consello de Ministros do día 04-02-2020, a cal conta con efectos retroactivos dende o 01-01-2020. A cifra aportada na táboa 2 correspóndese coa que realmente se atopa en vigor.

Fonte: Eurostat.

Para comezar a aproximarnos á realidade sobre salarios mínimos na UE-21 presentamos na táboa 2 os niveis de salario mínimo mensuais brutos vixentes entre os anos 2016 a 2020 expresados en euros nominais para este grupo de países. Téñase en conta que, se ben é certo que en determinados países, como é o caso de España, a

cifra do SMI “mensual” adoita expresarse dividida entre un total de catorce pagas, os datos aquí presentados son datos estritamente mensuais, polo que a cifra anual de salario mínimo atópase dividida entre os doce meses naturais (o cal, por outra banda, non deixa de ser a maneira habitual na que a maioría dos executivos expresan os seus niveis de salario mínimo).

Analizando moi sucintamente a información contida na táboa en cuestión, é doado observar que a dispersión dos datos é elevada, ao oscilar o salario mínimo entre os 311,89€ de Bulgaria ata os 2.141,99€ de Luxemburgo para o presente ano. Dito doutro modo, o maior dos salarios mínimos equivale a case sete veces o menor dos mesmos. Non obstante, para poder realizar comparacións a nivel internacional resulta imprescindible ter en conta as diferenzas nos niveis de prezos existentes entre os diferentes países ou, dito doutro xeito, as diferenzas en termos de poder adquisitivo.

Táboa 3: Salarios mínimos mensuais brutos nos países da UE de réxime universal máis EEUU (en EPA).

	2016	2017	2018	2019	2020
Alemaña	1.432,35	1.457,75	1.449,71	1.502,62	1.528,68
Bélxica	1.452,27	1.422,77	1.408,70	1.431,38	1.431,38
Bulgaria	459,75	493,48	524,24	567,44	618,10
Rep. Checa	578,07	621,06	676,33	730,89	799,32
Croacia	643,37	661,30	683,10	742,66	804,55
Eslovaquia	610,11	581,68	626,83	672,68	750,30
Eslovenia	978,67	965,24	1.003,64	1.048,39	1.112,18
España	857,92	902,56	930,86	1.130,82	1.130,82 ¹
Estonia	590,59	621,72	635,62	670,95	725,62
Francia	1.393,53	1.372,21	1.363,77	1.380,28	1.396,79
Grecia	825,28	812,86	803,88	859,15	903,57
Hungría	621,18	683,76	707,87	747,31	807,50
Irlanda	1.282,36	1.259,62	1.267,45	1.286,67	1.286,67
Letonia	538,43	531,87	588,19	579,37	579,37
Lituania	605,78	608,23	620,84	841,97	920,85
Luxemburgo	1.630,62	1.628,80	1.596,02	1.663,75	1.705,34
Malta	923,45	906,69	906,90	922,46	940,78
Países Baixos	1.427,62	1.402,00	1.421,77	1.451,07	1.459,90
Polonia	816,89	854,22	863,95	914,17	1.056,37
Portugal	761,15	775,54	782,04	810,27	857,53
Romanía	499,44	582,62	794,94	851,63	913,04
Estados Unidos	1.042,57	996,20	972,04	964,44	964,44


¹ Cifra calculada co SMI vixente en 2019

Fonte: Eurostat.

Os datos contidos na táboa 3 están expresados en Estándares de Poder Adquisitivo (EPA), unha unidade monetaria artificial que permite, na teoría, mercar a mesma cantidade de bens e servizos en calquera país. Os EPA son o termo técnico empregado por Eurostat para designar a moeda común na que se expresan os agregados das contas nacionais despois de axustar as diferenzas nos niveis de prezos a través das taxas de Paridade de Poder Adquisitivo (PPA). En certo modo, as PPA equivalen ao tipo de cambio dos EPA fronte ao euro (Eurostat, 2014).

Como vemos, as diferenzas entre salarios mínimos diminúen se estes son expresados en termos de EPA. Esta menor dispersión dos datos débese a que os países con maiores niveis salariais en termos nominais adoitan ter tamén maiores niveis de prezos e viceversa. No ano 2020 o salario medio mínimo sitúase nun valor de 1.034,70 EPA, sendo a súa desviación estándar de 319,74€. Con respecto a estes datos, no gráfico 4 pode observarse a súa tendencia dende 1999 ata 2020. Unha das principais conclusións que podemos extraer é que dende 2013 véñese dando un proceso continuo de converxencia nos niveis salariais mínimos, alcanzando o punto de menor dispersión precisamente no ano 2020.

Gráfico 4: Media e desviación estándar dos salarios mínimos mensuais brutos dos países da UE de réxime universal (en EPA, 1999-2020).



Fonte: elaboración propia a partir de Eurostat.

Pasamos, a continuación, a estudar os valores nos que se atopa o IK no grupo de países que estamos analizando. Como comentamos anteriormente, a importancia do seu estudo vén motivada polo feito de que é un indicador empregado “en numerosos estudos para conocer el impacto que tienen los salarios mínimos en la distribución salarial, el mercado de trabajo o los niveles de desigualdad y pobreza” (Vellvé, 2017). Ademais, debemos ter en conta que o seu cálculo non é sinxelo, posto que existen varias opcións “dependiendo del concepto de salario medio utilizado, de si se toman salarios por hora, mes o año, y de si se emplean magnitudes brutas o netas

(después de descontar impuestos y cotizaciones sociales)” (Cebrián *et al.*, 2010). Na táboa 4 aparece a evolución do IK entre os anos 2016 a 2018 para o mesmo grupo de países e tomando como referencia o salario medio dos traballadores a tempo completo.

Táboa 4: Índice de Kaitz nos países da UE de réxime universal máis EEUU (salario mínimo entre salario medio).

	2016	2017	2018
Alemaña	0,42	0,42	0,40
Bélxica	0,39	0,40	0,39
Bulgaria	n.d. ¹	n.d.	n.d.
Rep. Checa	0,34	0,35	0,36
Croacia	n.d.	n.d.	n.d.
Rep. Eslovaca	0,38	0,38	0,39
Eslovenia	0,48	0,48	0,48
España	0,32	0,34	0,35
Estonia	0,36	0,37	0,37
Francia	0,50	0,50	0,50
Grecia	0,33	0,33	0,32
Hungría	0,39	0,40	0,40
Irlanda	0,39	0,40	0,40
Letonia	0,41	0,39	0,40
Lituania	0,45	0,43	0,41
Luxemburgo	0,44	0,45	0,44
Malta	n.d.	n.d.	n.d.
Países Baixos	0,39	0,39	0,39
Polonia	0,43	0,44	0,43
Portugal	0,42	0,43	0,44
Romanía	0,41	0,44	0,43
Estados Unidos	0,25	0,24	0,23

¹ n.d.: non dispoñible

Fonte: OCDE.

Nunha primeira observación podemos detectar facilmente como ningún dos 21 estados membro da UE analizados cumpría coa recomendación marcada pola CSE (0,6) en ningún dos tres últimos exercicios. Non obstante, e como xa sinalabamos na introdución deste informe, Francia é o país que máis se achega a esta cifra, ao ter un IK de 0,5. Isto significa que un empregado francés que sexa perceptor do *Salaires Minimum Interprofessionnel de Croissance (SMIC)* percibe exactamente a metade do salario medio dese país. No lado oposto desta clasificación atoparíamos aos Estados Unidos, onde ese mesmo traballador tan só cobraría, aproximadamente, un cuarto do salario medio norteamericano. Aínda que en apartados posteriores profundaremos no

caso español (e no francés), cómpre destacar que o noso país ocupa a parte baixa da táboa, sendo superado tan só polos EEUU e por Grecia no ano 2018.

Non obstante, e a pesar de que o IK é tomado coma unha variable fundamental cando se analiza o impacto sobre a economía das variacións nos niveis salariais mínimos, á hora de realizar comparacións internacionais pode resultarnos máis transparente observar o cociente do salario mínimo entre o salario mediano (o cal ás veces tamén é denominado IK). Deste xeito, e especialmente se nos atopamos ante poboacións, estatisticamente falando, moi heteroxéneas, sabemos que a media aritmética dos salarios pode presentar certos problemas de perda de representatividade ao verse altamente afectada por eventuais valores extremos que poida presentar dita distribución. Pola contra, empregar os salarios medianos constitúe un mellor punto de referencia, especialmente nos países onde predomina unha alta desigualdade salarial, pois estes non se verán tan afectados pola dispersión (Organización Internacional do Traballo, s.d.).

Táboa 5: Índice de Kaitz nos países da UE de réxime universal máis EEUU (salario mínimo entre salario mediano).

	2016	2017	2018
Alemaña	0,47	0,47	0,46
Bélxica	0,47	0,47	0,46
Bulgaria	n.d.	n.d.	n.d.
Rep. Checa	0,40	0,41	0,42
Croacia	n.d.	n.d.	n.d.
Rep. Eslovaca	0,48	0,48	0,49
Eslovenia	0,59	0,58	0,59
España	0,38	0,40	0,41
Estonia	0,42	0,43	0,43
Francia	0,62	0,62	0,62
Grecia	0,48	0,48	0,48
Hungría	0,51	0,53	0,52
Irlanda	0,47	0,47	0,48
Letonia	0,51	0,48	0,50
Lituania	0,56	0,54	0,51
Luxemburgo	0,54	0,55	0,54
Malta	n.d.	n.d.	n.d.
Países Baixos	0,47	0,47	0,47
Polonia	0,53	0,54	0,53
Portugal	0,59	0,60	0,61
Romanía	0,56	0,60	0,58
Estados Unidos	0,35	0,34	0,33

Fonte: OCDE.

Empregando este novo cociente os valores resultantes son significativamente superiores aos obtidos polo IK na súa versión orixinal, salario mínimo entre salario medio, en todos os países (isto débese a que os salarios medianos son inferiores aos medios). Con esta versión do IK xa atoparíamos a catro países que se aproximan ao nivel do 60%: Eslovenia, Francia, Portugal e Romanía. Observamos como agora España é a economía que posúe, nos tres períodos estudados, o IK máis baixo de toda a UE-21 (só EEUU alcanza niveis menores).

3 Caracterización do mercado de traballo español con respecto ao SMI

3.1 Orixes e regras de fixación do SMI

Tradicionalmente adoita sinalarse o ano 1963 como a data de implantación do SMI en España. Efectivamente, será o 19 de xaneiro de 1963 cando saia publicado no *Boletín Oficial del Estado* o Decreto 55/1963, de 17 de xaneiro, sobre o establecemento de salarios mínimos e a súa conexión cos establecidos por convenios colectivos sindicais ou melloras voluntarias. Non obstante, convén sinalar que, con anterioridade ao citado Decreto, xa existía en España unha regulación sobre salarios mínimos, mais que presentaba un elevado grao de heteroxeneidade ao depender o salario mínimo de tres criterios: idade do traballador, ocupación exacta do mesmo e provincia na que realizase a citada actividade. Dende 1963, o sistema estará dotado dunha maior homoxeneidade principalmente a nivel xeográfico, aínda que tamén sectorial, pois pasará a existir un único nivel de salario mínimo en todas as provincias españolas.

Xa en democracia, a través do Real Decreto 1257/1980, de 6 de xuño, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional, serán establecidos tres tramos de idade con diferentes niveis de salario mínimo, os cales quedarán reducidos unha década máis tarde a unicamente dous: maiores e menores de 18 anos. Finalmente, dende 1995 iníciase un proceso de converxencia entre ambos niveis salariais, os cales confluirán a partir de 1998 nun único nivel de salario mínimo para todos os traballadores, sen ningún tipo de distinción.

Con respecto ao proceso de fixación do nivel de SMI, atoparemos na Lei 8/1980, de 10 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, a pedra angular que define como, en función de que e con que periodicidade debe o goberno elaborar e actualizar o salario mínimo. Concretamente, o artigo 27.1 sinala, en primeiro lugar, que “el Gobierno fijará, previa consulta con las organizaciones sindicales y asociaciones empresariales [...], anualmente, el salario mínimo interprofesional”. Prosegue o citado artigo indicando as variables que debe considerar o executivo á hora de actualizar o salario mínimo: IPC, produtividade media nacional, incremento da participación do traballo na renda nacional e conxuntura económica xeral.

3.2 Evolución do SMI


Na páxina seguinte preséntase un gráfico no que pode observarse a evolución en España do SMI bruto e do IPC, ambas variables expresadas a través das súas taxas interanuais de variación, para o período 1980-2020. Así mesmo, a diferenza entre ambas taxas, isto é, o incremento en termos reais do SMI, queda tamén representada mediante barras no mesmo eixo espazo-temporal.

A evolución do poder de compra do SMI no noso país pode dividirse en dúas grandes etapas. A primeira delas abarca dende 1980 ata 2003 e caracterízase por

subidas nominais no SMI que case nunca chegan a compensar a inflación. A segunda, que comprende dende 2004 ata a actualidade, está marcada por aumentos reais do SMI. Unicamente entre os anos 2010 a 2013 se producen certas baixadas (época na que se levou a cabo un proceso de contención salarial). Deste modo, pode concluírse que “las subidas del SMI realizadas entre 2005 y 2009 y entre 2017 y 2018 han permitido que el SMI no haya perdido poder adquisitivo en términos de IPC entre 1980 y 2018” (Lacuesta, Izquierdo, & Puente, 2019).

Convén destacar, ademais, que os distintos Executivos que tivo España dende 1980 coincidiron en aumentar nominalmente o SMI. Unicamente nos anos 2012 e 2014 este nivel de salario se mantivo conxelado. No lado oposto, podemos observar como nos últimos catro anos as subas experimentadas polo SMI foron realmente elevadas (sobre todo, en termos reais). Moi especialmente destaca a subida observada en 2019, cun aumento real do 21,6%, cifra que non ten precedentes ao distar en máis de 15 puntos porcentuais do seguinte máximo relativo (6% en 2017).

Gráfico 5: Taxas de variación interanuais do SMI e do IPC (España, 1980-2020, en %).^{1,2}



¹ Cando no curso do propio ano natural se producen revalorizacións do SMI, o valor escollido para realizar os cálculos é aquel correspondente á media ponderada en función dos meses en vigor de cada nivel salarial (neste caso, isto só sucedeu en 2004).

² Para o ano 2020 a variación real do SMI é un dato estimado, ao considerarse exclusivamente a variación interanual do IPC experimentada ata o mes de marzo de 2020.

Fonte: Elaboración propia a partir da base de datos do INE, do Banco Mundial e do Ministerio de Trabajo y Economía Social.

Por último, resulta curioso destacar o feito de que, entre os anos 2000 a 2003, o Executivo español parecía seguir unha especie de regra ao revalorizar o SMI anualmente un 2%, “cifra que coincidía con el objetivo de inflación del BCE” (Galán & Puente, 2012b).

Por outra banda, un dato moi interesante a analizar é o grao de cobertura do SMI, isto é, o número de traballadores que perciben dita remuneración mínima con respecto ao total dos asalariados. En relación con isto, cabe destacar as grandes dificultades presentes á hora atopar a información pertinente debido, en gran medida, á carencia dunha definición homoxénea sobre a que traballadores se deben englobar nesta estatística.

Deste xeito, ao non existir un rexistro oficial destes datos, debemos recorrer a estimacións que se poden realizar a través de dúas vías principais: empregando os datos elaborados polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións a través da Mostra Continua de Vidas Laborais (MCVL), ou usando aqueles facilitados polo INE a través das súas EPA. O primeiro organismo ofrecerá datos sobre o salario por día de traballo para os asalariados a tempo completo, mentres que o segundo considerará o salario por hora pactada. Polo tanto, co primeiro poderemos estimar a incidencia do SMI sobre os asalariados a xornada completa, mentres que co segundo estimarase con respecto ao total de asalariados. (Gabinete Económico de CCOO, 2019).

Un dos organismos que ten realizado estimacións sobre o grao de cobertura do SMI é o Banco de España (BE). Deste xeito, empregando os datos da MCVL, esta institución calculaba que entre os anos 2004 a 2008 a porcentaxe de persoas remuneradas ao SMI era de menos do 1%. Xa máis recentemente calculou que este grao de cobertura se situaría no 2,4% para 2017 e ascendería ao 6,2% para 2019 (porcentaxes similares de empregarse os datos da EPA: 1,6% en 2017 fronte a 7,6% en 2019). Constatamos, polo tanto, que nos últimos anos produciuse un aumento significativo do número de persoas remuneradas ao SMI o cal se debe, fundamentalmente, ao apreciable incremento sufrido polo salario mínimo dende 2017.

Debemos ter en conta que estas porcentaxes non teñen por que corresponderse nun sentido estrito co número de persoas remuneradas ao SMI, senón que debe entenderse, máis ben, como aqueles traballadores que potencialmente se verían afectados polas revalorizacións do mesmo. Isto é, aqueles traballadores que percibían un salario comprendido entre o SMI do ano $t - 1$ e a revalorización do SMI prevista para o ano t .

Por outro lado, seguindo o mesmo informe do BE e empregando de novo a información procedente da MCVL, podemos reafirmar cos datos contidos na táboa 6 como as persoas que se ven máis atinxidas polo SMI son as mulleres, os mozos de 16 a 24 anos, os traballadores con contratos temporais, os empregados de establecementos pequenos e, moi especialmente, o sector da agricultura.

Táboa 6: Grao de cobertura estimado para 2019 do SMI segundo sexo, idade, tipo de contrato, tamaño de establecemento e sector de actividade (España, en %).

Por tamaño do establecemento	
1-5 empregados	13,8
6-10 empregados	7,8
11-50 empregados	5,6
51-100 empregados	4,4
Máis de 100 empregados	3

Por sexo	
Home	4,9
Muller	8,5

Por idades	
16-24 anos	25,6
25-32 anos	10,9
33-44 anos	4,7
45-64 anos	4

Por sector de actividade	
Agricultura	30,3 ¹
Industria	2,7
Construción	2,9
Servizos de mercado	7,7
Servizos de non mercado	6,9

Por tipo de contrato	
Temporal	14,4
Indefinido	3,9

¹ A cifra inclúe tanto aos traballadores do Réxime Xeral (11,1%) coma aos traballadores dos réximes especiais do campo e do mar (19,2%).


Fonte: Lacuesta, A., Izquierdo, M., & Puente, S. (2019). *Un análisis del impacto de la subida del salario mínimo interprofesional en 2017 sobre la probabilidad de perder el empleo*. Documentos Ocasionales, n.º 1902, Banco de España.

Para finalizar, non podemos deixar de estudar o acontecido co IK en España nas últimas décadas. Para isto, no gráfico 6 móstrase a evolución do mesmo entre os anos 1980 a 2018 nas súas dúas principais versións: salario mínimo entre salario medio e entre salario mediano. Neste sentido, convén lembrar que o actual Executivo español manifestou en numerosas ocasións a súa intención de elevar o SMI ao longo da actual XIV Lexislatura. Este compromiso queda reflectido e cuantificado no acordo de goberno de coalición firmado entre o PSOE e UP en decembro de 2019. Concretamente, no apartado 1.4 do citado documento asegúrase que o SMI subirá “hasta alcanzar progresivamente el 60% del salario medio en España tal y como recomienda la Carta Social Europea” (PSOE & UP, 2019). Estase a indicar, polo tanto, a intención de situar o índice de Kaitz nun valor de 0,6.

Observamos como dende 1980 ata 2003 se da unha baixada continua do IK, chegando a alcanzar nese ano un mínimo de 0,35 (SMI/SMe) ou 0,28 (SMI/SME). Isto débese a que o ritmo de crecemento do salario mínimo foi máis reducido que a taxa de aumento dos salarios medios e medianos do país. Dende 2004 obsérvase unha subida do IK, motivada polos aumentos que, durante ese período e os inmediatamente posteriores, experimentou o SMI no noso país. Tras un período bastante estable, dende 2016 o IK volveu subir con forza nos anos 2017 e 2018. Aínda que non temos datos máis actualizados deste indicador por parte da OCDE, nin información sobre salarios medios ou medianos máis alá de 2018 por parte do INE para poder realizar as

nosas propias estimacións, consideramos que o crecemento do IK para 2019 tivo que ser dunha magnitude moi importante. De igual maneira, sería previsible que no ano 2020 o IK continuase a súa subida, se ben dun xeito moito máis moderado.

Gráfico 6: Índices de Kaitz e taxa de paro (España, 1980-2018).



Fonte: Elaboración propia a partir de OCDE e INE.

3.3 Estudo desagregado por CCAA

Ata este momento dedicámonos a estudar como xurdiu e como foi evolucionando o SMI en España. Non obstante, o noso país presenta un alto grao interno de heteroxeneidade en diversos ámbitos, ao estar composto por dezasete CCAA. No caso concreto que nos ocupa, se ben é certo que na actualidade existe un nivel de salario mínimo que é homoxéneo para todo o territorio nacional, non podemos esquecer que os salarios medios poden diferir entre as autonomías e que, de feito, van diferir. Por iso, neste apartado observaremos en que dirección se producen estas diferenzas, a magnitude das mesmas, e analizaremos a correlación existente entre o IK e as taxas de desemprego de cada CCAA.

O salario medio anual bruto (isto é, antes de aplicar as oportunas deducións e retencións) situouse para España en 2017 nun valor de 23.646,50€. Podemos ver como os maiores niveis de salarios medios anuais brutos foron os de País Vasco (28.204,49€), a Comunidade de Madrid (27.089,12€) e a Comunidade Foral de Navarra (26.329,79€). No lado oposto desta clasificación atoparíamos aos territorios de Castela-A Mancha (21.033,32€), Canarias (20.185,33€) e Estremadura (19.672,40€). Estamos a falar de que o salario medio máis baixo, aquel de Estremadura, representa pouco menos do 70% do máis alto, o do País Vasco. Vemos, polo tanto, que as diferenzas son notables.

Porén, como xa sinalamos varias veces ao longo deste traballo, o SMI é único en todo o territorio nacional, o que provoca, unido ás diferenzas nos salarios medios, que o IK tome valores diferentes segundo a CCAA en cuestión. Deste xeito, se no País Vasco o SMI representa tan só arredor do 35% do seu salario medio, en Estremadura chega a ser a metade do mesmo (sempre referíndonos a datos do ano 2017).

Unha das fontes bibliográficas empregadas para a realización do presente estudo correspóndese cun informe elaborado por dous investigadores do IESE Business School da Universidade de Navarra. Neste informe tratan de demostrar que existe unha correlación lineal positiva entre o IK de cada CCAA e as súas respectivas taxas de desemprego para o ano 2007. Deste xeito, conclúen que “hay una clara relación directa entre ambas variables: cuanto mayor es el SM [SMI] en relación con la remuneración media, más alta es la tasa de desempleo” (Pin & Barceló, 2009).


Empregando dita análise como punto de partida, procedemos a continuación a realizar un estudo similar co fin de observar se esa tendencia que parecía existir no ano 2007 se mantén na actualidade no noso país. Para isto precisamos, por un lado, datos sobre salarios medios anuais brutos das diferentes CCAA, os cales obtemos da derradeira Enquisa Anual da Estrutura Salarial publicada polo INE e referida ao ano 2017. Así mesmo, e para calcular o índice de Kaitz, que aquí estará presentado na súa forma máis básica (salario mínimo/salario medio), lembramos que o SMI atopábase para ese mesmo período en 825,65€ mensuais, o que equivale a 9.907,80€ anuais. Xa por último, as taxas medias anuais de paro que seleccionamos para cada Comunidade Autónoma serán aquelas publicadas polo INE a través das súas Enquisas de Poboación Activa.

O que tratamos de analizar é se existe, tal e como defenden os autores Pin e Barceló, unha correlación lineal positiva entre as taxas de desemprego e os índices de Kaitz de cada autonomía. Con este fin, e coa axuda do programa *EViews*, procuramos atopar a recta de regresión lineal que mellor se aproxima á nube de puntos en cuestión a través do método dos mínimos cadrados ordinarios. Convén remarcar que realizamos unha análise de correlación, polo que nunca nos expresaremos en termos de causalidade. O resultado preséntase no gráfico 7.

Como podemos observar, a mellor recta mínimo cadrática de aproximación da nube de puntos móstranos a existencia dunha certa correlación lineal positiva entre as variables. De todos os xeitos, debemos ser prudentes á hora de interpretar este resultado posto que se observamos a bondade do axuste a través do coeficiente de determinación, R^2 , vemos que este toma un valor de 0,54. Parece, en conclusión, existir certo nivel de correlación lineal positiva entre ambas as variables.

Chegados ata este punto ao lector podería xurdirlle a razoable dúbida de se esta correlación serve para describir en exclusiva o mercado de traballo español ou se, pola contra, é compartida con outros países do noso entorno. No apartado 5.2. trataremos de dar resposta a dita cuestión observando que acontece no caso de Francia, país para o cal a nosa análise estará dotada dunha maior relevancia ao tratarse daquela nación que conta cun maior IK de entre todos os países comunitarios.

Gráfico 7: Correlación entre o índice de Kaitz e a taxa de paro das CCAA (2017).



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Enquisa de Poboación Activa e da Enquisa Anual da Estrutura Salarial (INE).

4 Caracterización do mercado de traballo francés con respecto ao *SMIC*

4.1 Orixes e regras de fixación do *SMIC*

Se ben dicíamos que en España adoitaba considerarse o ano 1963 como aquel no que se implementara o SMI, para o caso de Francia o punto de partida situarase en 1950. Será nese momento cando o Goberno francés estableza, a través da Lei 50-205, do 11 de febreiro de 1950, relativa aos convenios laborais e aos procedementos de resolución de conflitos colectivos do traballo, a figura do *SMIG*: Salario Mínimo Interprofesional Garantido. Dito *SMIG* contaba con certas heteroxeneidades tanto a nivel xeográfico (non aplicable nos territorios de ultramar, nin en Alxeria, e con diferenzas na propia Francia metropolitana), como a nivel sectorial (para os traballadores agrícolas creouse *ad hoc* un salario mínimo inferior chamado *SMAG*).

O ano 1970 marcará un punto de inflexión ao transformarse o *SMIG* no *SMIC*, isto é, no Salario Mínimo Interprofesional de Crecemento, o cal traerá consigo unha forte implicación principal. Xa non se vai tratar dun salario mínimo que se actualice exclusivamente a través dun índice de prezos, é dicir, que trate unicamente de manter o poder adquisitivo da clase traballadora. A partir deste momento tratarase tamén de asegurar que os asalariados que perciben estas remuneracións máis baixas teñan unha participación no desenvolvemento económico da nación (Code du Travail, art. L3231-2). Dito doutro xeito, que se poidan beneficiar dos froitos derivados do crecemento económico do seu país. Como consecuencia directa, o *SMIC* quedará indexado agora non só a un índice de prezos, senón tamén a un indicador salarial. Esta modificación realizada en 1970 chega, con pequenas modificacións, ata os nosos días.

Na actualidade, o proceso de actualización do salario mínimo está recollido no artigo L3231 do Código de Traballo e baséase en dúas regras que aseguran cadanseu obxectivo. Por un lado, o compromiso do mantemento do poder adquisitivo queda asegurado ao estar indexado o salario mínimo a un índice de prezos. Concretamente, dende o ano 2013, elíxese como referencia a inflación anual experimentada polo 20% dos fogares cos ingresos máis febles, excluído o tabaco. Por outro lado, a participación no crecemento nacional queda recollida mediante a obrigatoriedade de que o *SMIC* se revalorice, polo menos, a metade do aumento que se rexistre na evolución do poder de compra do salario horario medio bruto de obreiros e empregados (*SHBOE*). Por último, tamén queda recollida a posibilidade de que, tras estas subidas automáticas, o Executivo poida establecer maiores subidas dun xeito discrecional. Para tomar esta decisión, o Consello de Ministros debe ter en consideración a opinión da Comisión Nacional da Negociación Colectiva, do Emprego e da Formación Profesional (*CNNCEFP*). Ademais, relacionado con isto último, anualmente un grupo de expertos nomeados polo Goberno cada catro anos elabora un informe dirixido á *CNNCEFP* e ao Executivo no que expresa as súas ideas con respecto ao *SMIC*.

En síntese, observamos que a revalorización do *SMIC* é case automática, ao estar supeditada a ambas as regras comentadas. Ademais, existe unha terceira regra


que supón a obrigatoriedade de que, se durante o transcurso do ano natural a inflación subise máis dun 2% nos últimos doce meses con respecto ao índice de prezos empregado para realizar a actualización do primeiro de xaneiro, o *SMIC* tería que revalorizarse, automaticamente, na mesma proporción e a partir do día primeiro do mes seguinte ao que se constante dita evolución.

Cabe destacar, por último, que na actualidade segue a existir unha tripla heteroxeneidade: por idades (redución do 10% do *SMIC* para traballadores de 17 anos e do 20% para aqueles de 16 anos), por tipos de contratos (*SMIC* reducido para aqueles de aprendizaxe ou de profesionalización) e por territorios (*SMIC* menor na rexión de *La Mayotte*).

4.2 Evolución do *SMIC*

Se pasamos a analizar como evolucionou o salario mínimo en Francia nas últimas décadas, a continuación podemos atopar un gráfico de natureza análoga ao xa visto para o caso español.

Gráfico 8: Taxas de variación interanuais do *SMIC* e do IPC
(Francia, 1981-2019, en %).^{1,2}



¹ Cando no curso do propio ano natural se producen revalorizacións do *SMIC*, o valor escollido para realizar os cálculos é aquel correspondente á media ponderada en función dos meses en vigor de cada nivel salarial. O mesmo proceso se seguirá durante os anos nos cales o *SMIC* era revalorizado a día 1 de xullo.

² Para o ano 2020 a variación real do *SMIC* é un dato estimado, ao considerar exclusivamente a variación interanual do *IPC* experimentada ata o mes de marzo de 2020.

Fonte: INSEE e <http://www.smic-horaire.com>.


Podemos dividir o período analizado en dous bloques. O primeiro deles engloba dende 1981 ata 2009 e caracterízase por incrementos continuos, e relativamente

elevados, do poder adquisitivo do salario mínimo. Durante toda esta etapa o crecemento acumulado do *SMIC* foi dun 52,3% en termos reais. Dende 2010 ata a actualidade atopamos unha nova fase caracterizada por incrementos moi febles do salario mínimo, tanto nominais coma reais. Incluso se chegaron a experimentar lixeiros descensos en termos reais durante os anos 2010 (-0,68%) , 2011 (-0,12%), 2017 (-0,1%) e 2018 (-0,62%). Pese a todo, o crecemento acumulado deste período tamén foi positivo (preto do 3,62%).

Sen dúbida, o feito de que a actualización do *SMIC* se produza en gran medida de xeito automático propiciou que os aumentos no poder de compra do mesmo foran notables e continuos. Non obstante, non debemos esquecer que o indicador escollido para a realización do gráfico en cuestión trátase do *IPC* global o cal, como sabemos, difire daquel empregado polo Goberno para actualizar o salario mínimo (dende 2013 este será unicamente o *IPC* dos fogares do primeiro quintil de ingresos, excluído o tabaco). É por este motivo polo que o mantemento do poder adquisitivo, que se establece no Código de Traballo como obrigatorio, non impide que poidan darse certas perdas do mesmo en relación co *IPC* global da economía.

Para analizar o grao de cobertura do *SMIC* empregaremos información proporcionado por *DARES*, un organismo público dependente do *INSEE* (*Institut National de la Statistique et des Études Économiques*, homólogo galo do *INE*) que realiza estudos estatísticos sobre o mercado de traballo francés. Neste caso si existe unha serie histórica con esta información, a cal se presenta a continuación para os anos 1991 a 2019.

Gráfico 9: Grao de cobertura do *SMIC* (Francia, 1991-2019, en %).



Fonte: DARES (2019). La revalorisation du SMIC au 1er janvier 2019 [A revalorización do SMIC do 1 de xaneiro de 2019]. *DARES Résultats*, 61, p.2.

No referido á metodoloxía empregada, cabe destacar que se presenta o grao de cobertura con respecto ao total de asalariados do sector privado non agrícola, o cal

nesta análise é definido como o conxunto de todos os sectores de actividade excluídos a agricultura, a administración pública, as tarefas domésticas e as actividades extraterritoriais (DARES, 2019). Así mesmo, tamén queda excluída a rexión de *La Mayotte*, así como aqueles traballadores que son aprendices, bolseiros ou interinos.

En xeral, podemos apreciar como dende os inicios da década de 1990 e ata 2005 a porcentaxe de traballadores beneficiarios do salario mínimo foi en aumento, chegando a un máximo do 16,3%. Nun segundo momento, entre os anos 2005 a 2010, produciuse unha acusada baixada da porcentaxe analizada e, dende este último ata a practicamente a actualidade deuse unha progresiva estabilización en torno ao 11% (DARES, 2019). Para o ano 2019 esta porcentaxe ascendeu ata situarse no 13,4%.

Se profundamos nos datos proporcionados pola *DARES* para 2019, reparamos como aqueles traballadores que adoitan ser remunerados co salario mínimo pertencen, de novo maioritariamente, aos seguinte colectivos: empregados de pequenas empresas (28,3%), mulleres (58,5%), traballadores mozos (25,6%) e contratados a tempo parcial (29,8%).

Táboa 7: Grao de cobertura estimado para 2019 do SMIC segundo sexo, idade, tipo de contrato, tamaño de empresa e sector de actividade (Francia, en %).

Por tamaño do establecemento		Por sexo ¹	
1-9 empregados	28,3	Home	41,5
10 ou máis empregados	10,1	Muller	58,5

Por sector de actividade		Por idades ²	
Agricultura	n.d.	Menores de 25 anos	28,1
Industria	6,2	25-29 anos	11
Construción	9,4	30-39 anos	6,6
Servizos	15,5	40 ou máis anos	6,8

Por tipo de contrato	
Tempo completo	9,3
Tempo parcial	29,8

¹ Sobre o total de remunerados co SMIC.


² Datos correspondentes ao ano 2013.

Fonte: DARES (2019). La revalorisation du SMIC au 1er janvier 2019 [A revalorización do SMIC do 1 de xaneiro de 2019]. *DARES Résultats*, 61, pp. 3, 5. DARES (2016). Les emplois du privé rémunérés sur la base du SMIC [Os empregos do sector privado remunerados sobre a base do SMIC]. *DARES Analyses*, 14, p 3.

Para finalizar este subapartado pasamos a presentar a evolución do índice de Kaitz entre 1980 e 2018 nas súas dúas versións principais: salario mínimo entre salario medio e entre salario mediano. Como vemos, este indicador caracterízase, no caso

concreto que estamos a estudar, pola súa estabilidade. Dende 1981 ata 1997 os valores sitúanse moi próximos a 0,60 (*SMIC/SMe*) ou 0,50 (*SMIC/SME*). Dende ese momento comeza unha subida progresiva ata alcanzar un máximo no ano 2005 (de 0,67 e 0,54 seguindo a mesma orde que anteriormente). Tras unha forte baixada en 2006, este indicador volve a estabilizarse en torno aos valores dados na primeira das etapas (1981-1997). Isto permítenos afirmar que o ritmo de crecemento do salario mínimo e dos salarios medios e medianos franceses transcorreu de xeito case paralelo, se ben o maior crecemento experimentado polo IK especialmente entre 2003 a 2005 débese ao forte aumento que nese mesmo lapso temporal sufriu o *SMIC* e cuxa causa reside, precisamente, no proceso de harmonización salarial derivado do paso de 39 a 35 horas semanais de traballo (neses anos existiu a *GMR*, unha axuda que permitía que os asalariados pagados ao *SMIC*, cuxo horario de traballo fora reducido, puideran beneficiarse do mantemento da súa remuneración anterior) (INSEE, 2016).

Gráfico 10: Índices de Kaitz e taxa de paro (Francia, 1980-2018).



Fonte: Elaboración propia a partir de OCDE e INSEE.

4.3 Estudo desagregado por rexións

A continuación procederemos a replicar a análise realizada para o caso español sobre o tipo de relación existente entre o IK e a taxa de desemprego, mais neste caso para o Estado francés. Nesta ocasión, os datos máis recentes que podemos obter a través da base de datos do *INSEE* datan de 2016. Así mesmo, convén lembrar que Francia conta cun total de 18 *régions* (entidades territoriais básicas equivalentes ás CCAA españolas), das cales 13 atópanse na coñecida como Francia metropolitana e as restantes 5 na Francia de ultramar. Por indispoñibilidade de datos, excluimos da nosa análise á rexión ultramarina de *La Mayotte*. Os datos referidos a salarios medios

brutos anuais, índices de Kaitz na súa versión simplificada (isto é, SMI/SME) e taxas de paro medias anuais poden verse na táboa 8.

Táboa 8: Salarios medios brutos anuais, índices de Kaitz e taxas medias anuais de paro por rexións (Francia, 2016).

	SME (€)	Índice Kaitz	Taxa paro (%)
Auvergne-Rhône-Alpes	34.483	0,51	8,73
Bourgogne-Franche-Comté	31.385	0,56	8,95
Bretagne	30.994	0,57	8,63
Centre-Val de Loire	32.083	0,55	9,48
Corse	29.514	0,60	10,53
Grand Est	32.535	0,54	9,88
Guadeloupe	32.421	0,54	24,00
Guyane	34.382	0,51	23,00
Hauts de France	32.096	0,55	12,15
Île-de-France	46.062	0,38	8,68
La Réunion	30.185	0,58	22,40
Martinique	32.462	0,54	18,00
Normandie	32.151	0,55	10,08
Nouvelle-Aquitaine	31.296	0,56	9,48
Occitanie	32.391	0,54	11,75
Pays de la Loire	31.737	0,55	8,50
Provence-Alpes-Côte d'Azur	33.192	0,53	11,33

Fonte: INSEE.

O salario medio anual bruto para toda Francia foi de 35.865€ para o ano 2016. Por rexións, destaca moi especialmente o caso de *Île-de-France*, posto que ocupa o primeiro lugar na táboa moi afastada das restantes colectividades, ao contar cun salario medio de 46.062€. Nos derradeiros postos atopamos a *Bretagne* (30.994€), seguida de dous territorios de ultramar, *La Réunion* (30.185€) e *Corse* (29.514€).

Por outra banda, o *SMIC* no ano 2016 era de 1.466,62 euros mensuais, o que equivale a 17.599,44€ anuais. Observando os valores que toman aquí os índice de Kaitz, vemos como varían entre un mínimo de 0,38 para o caso de *Île-de-France* ata o máximo de *Corse* de case o 0,60 recomendado pola CSE (0,5963 para ser precisos). A inmensa maioría dos valores deste índice móvense nun abano de entre 0,51 a 0,60.

Con respecto ás taxas de paro medias de 2016 todas as rexións da Francia metropolitana oscilan entre un mínimo de 8,5% (*Pays de la Loire*) e un máximo de 12,15% (*Hauts de France*). Pola contra, rompen con este norma as 4 rexións ultramarinas incluídas no noso estudo: Martinique (18%), La Réunion (22,4%), Guyane (23%) e Guadeloupe (24%).

Se tentamos buscar a recta mínimo cadrática que mellor aproxima a nube de puntos, desta volta observamos que non é posible establecer ningún tipo de correlación entre as variables, posto que os niveis de bondade do axuste son moi febles. Incluso excluindo aos territorios de ultramar do modelo, cuxa realidade socio-económica é moi distinta á da Francia metropolitana, non é posible elaborar unha regresión lineal que reflecta con precisión a realidade. Polo tanto, vemos como esa correlación que parece existir no caso de España non se pode extrapolar ao caso francés.

Este resultado vai encamiñado na mesma liña do exposto no apartado 1.2.2. do presente traballo, ao dar conta da feble relación existente entre o nivel de salario mínimo e as taxas de desemprego. Neste mesmo sentido tamén apunta o feito de que, se ben Francia conta cun maior IK durante todo o período estudado, as súas taxas de desemprego atópanse sistematicamente por debaixo das españolas.

5 Comparación entre os mercados de traballo español e francés respecto ao salario mínimo

Unha vez estudados polo miúdo os mercados laborais español e francés no referente ao salario mínimo, procedemos nesta derradeira sección do traballo a sintetizar e subliñar as principais diferenzas e semellanzas atopadas entre ambos países. Para facelo dun xeito sintético á vez que ilustrativo, optamos por presentar a seguinte táboa.

Táboa 9: Resumo das principais características do salario mínimo en España e Francia.

	España	Francia
Modo de fixación do SMI	Decisión discrecional do goberno, tendo en conta 4 indicadores económicos	Aplicación automática de regras, máis posible aumento discrecional do goberno
Órganos e/ou documentos consultivos	Patronal e sindicatos	<i>CNNCEFP</i> máis informe anual elaborado por un grupo de expertos
Único nivel de SMI para todas as idades e rexións	Si: único tramo de idade sen distincións provinciais	Non: perduran tres tramos de idade e un <i>SMIC</i> específico en <i>La Mayotte</i>
Nivel de SMI en EPA (2019)	1.130,82	1.380,28
Grao de cobertura estimado (2019)	7,6% respecto ao total de asalariados	13,4% respecto ao total de asalariados das empresas do sector privado
Índice de Kaitz: SMI/SME e SMI/SMe (2018)	0,35 e 0,41 (cifra máis baixa de toda a UE-21)	0,50 e 0,62 (cifra máis elevada de toda a UE-21)
Correlación lineal positiva entre IK e taxas de desemprego rexionais	Existente (para 2017) ($R^2 = 0,54$)	Inexistente (para 2016)
Variación media anual do poder adquisitivo do SMI e desv. estándar (1981-2018)	0,1% e 2,04%	1,43% e 1,36%

Variación media anual do poder adquisitivo do SMI e desv. estándar (1981-2020)	0,8% e 4,01%	1,40% e 1,34%
Colectivos maioritariamente remunerados en torno ao SMI	Mozos e mulleres	Mozos e mulleres
Taxa de desemprego media (1980-2018)	17,42%	8,88%

Fonte: Elaboración propia.

Conclusiones, limitaciones e ampliaciones

Tras a lectura do presente traballo son varios os puntos que merecen ser destacados.

En primeiro lugar, e con respecto aos efectos que cambios no salario mínimo producen nos niveis de emprego, cabe subliñar a disparidade de resultados atopados, tanto a nivel teórico coma empírico. Se ben os efectos non son concluíntes, parece que existe certo consenso en afirmar a existencia dunha elasticidade negativa, mais reducida, entre o salario mínimo e as taxas de emprego.

En segundo lugar, e con respecto á comparativa a nivel UE, resulta significativo observar como España contaba en 2018 co índice de Kaitz máis baixo de entre todos os países comunitarios, entendido este coma o cociente entre salario mínimo e salario mediano. Se consideramos este coma a división do salario mínimo entre o salario medio, só Grecia contaría cun cociente menor nese mesmo período.

En terceiro lugar, a comparación co caso francés resulta especialmente interesante. Por unha banda, o feito de que en Francia o salario mínimo se determine en gran medida vía regras e en España se faga de xeito plenamente discrecional, provoca que no país galo o poder adquisitivo dos perceptores do salario mínimo leve a incrementarse de xeito practicamente ininterrompido dende 1980 ata a actualidade, así como asegura unha certa estabilidade no IK. Pola contra, en España a tónica habitual foi a perda de poder adquisitivo dende 1980, acompañada dun descenso importante do IK, salvo dous, relativamente breves, períodos (2004-2010 e 2015-2020). Por outra banda, mentres que para o caso español si demos atopado unha certa correlación lineal positiva entre as taxas de desemprego e os índices de Kaitz de cada Comunidade Autónoma, no caso francés esta tendencia parece non existir. Isto vén a reforzar a idea da feble relación existente entre ambas variables.

En último lugar, mención especial merece a subida real do SMI dada en 2019 no noso país, pois non ten parangón na historia recente española. Os seus efectos máis inmediatos suporán unha revisión á alza do IK español, o cal podería situarse nunha

posición máis próxima aos restantes países da UE que contan co réxime universal de salario mínimo.

En canto ás limitacións e posibles ampliacións do presente traballo, son varias as ideas que nos gustaría sinalar. Por un lado, en ningún momento deste informe se procedeu a estudar nin a intentar cuantificar os posibles efectos redistributivos e de redución da pobreza que poderían implicar subas no salario mínimo, un aspecto que xulgamos esencial. Así mesmo, tampouco se chegou a poñer en cuestión se aquel nivel que recomenda a CSE para o IK é o óptimo ou se caberían outros valores.

Por último, con respecto á relación existente entre as taxas de desemprego e o IK, debemos remarcar unha vez máis que as nosas análises foron exclusivamente orientadas na procura de correlación lineal entre as variables. Para profundar neste aspecto sería necesario a elaboración de modelos econométricos máis sofisticados que puxesen o foco en determinar a posible existencia de causalidade entre ambas variables, así como a dirección e magnitude da mesma. Ademais, en canto á dimensión dos estudos realizados neste traballo, cremos que estes poderían ampliarse dende dúas direccións. Esta dobre ampliación consistiría, por unha banda, e seguindo unha forza centrípeta, en engadir á desagregación por rexións outra por sectores ou ramas de actividade. Do mesmo xeito, mais en sentido inverso, un estudo detallado dos restantes dezanove países europeos que contan cun salario mínimo de réxime universal podería ser altamente apreciable.

Referencias citadas

- Amer Garau, G. (2014). *Salario mínimo y desempleo. Análisis y propuestas para el caso español* (Trabajo de fin de grado, Universitat de les Illes Balears, España). Recuperado de <https://dspace.uib.es/xmlui/handle/11201/3285?show=full>
- Artículo L3231-2 do Code du Travail.
- Banco de España (2017). Informe trimestral de la economía española. *Boletín Económico*, 1, pp. 3-53
- Brown, C., Gilroy, C., & Kohen, A. (1982). The Effect of the Minimum Wage on Employment and Unemployment: A Survey [O efecto do salario mínimo sobre o emprego e o desemprego]. *Journal of Economic Literature/Revista de literatura económica*, 20, (2), pp. 487-528.
- Card, D., & Krueger, A. B. (1995). *Myth and Measurement: The New Economics of the Minimum Wage [Mito e medición: a nova economía do salario mínimo]*. Princeton: Princeton University Press.
- Cebrián, I., Pitarch, J., Rodríguez, C., & Toharia, L. (2010). Análisis de los efectos del aumento del salario mínimo sobre el empleo de la economía española. *Revista de Economía Laboral*, 7, pp. 1-37.
- DARES (2019). La revalorisation du SMIC au 1er janvier 2019 [A revalorización do SMIC do 1 de xaneiro de 2019]. *DARES Résultats*, 61, pp. 1-9.
- DARES (2016). Les emplois du privé rémunérés sur la base du SMIC [Os empregos do sector privado remunerados sobre a base do SMIC]. *DARES Analyses*, 14, pp. 1-9.
- Decreto 55/1963, de 17 de enero, sobre establecimiento de salarios mínimos y su conexión con los establecidos por convenios colectivos sindicales o mejoras voluntarias (BOE núm. 17, de 19 de enero de 1963).

- Eldring, L., & Alsos, K. (2012). *European Minimum Wage: A Nordic Outlook [Salario mínimo europeo: unha perspectiva nórdica]*. Oslo: Fafo.
- Eurostat (2014). *Glossary: Purchasing Power Standard (PPS) [Glosario: estándar de poder adquisitivo (EPA)]*. Recuperado de [https://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php/Glossary:Purchasing_power_standard_\(PPS\)](https://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php/Glossary:Purchasing_power_standard_(PPS))
- Gabinete Económico de CCOO. (2019). *La subida del salario mínimo en 2019*. Recuperado de <https://www.ccoo.es/ec4e2899c88ac9384a08bb3d6f9a1d4c000001.pdf>
- Galán, S., & Puente, S. (2012). *Minimum Wages: Do they really hurt young people? [Salarios mínimos: perjudican realmente a xuventude?]*, Documentos de Trabajo, n.º 1237, Banco de España.
- Galán, S., & Puente, S. (2012). Una estimación del impacto de las variaciones del salario mínimo sobre el empleo. *Boletín Económico*, pp. 19-25.
- González Güemes, I., Jiménez Martín, S., & Pérez Domínguez, C. (2003). Los efectos del salario mínimo sobre el empleo juvenil en España: nueva evidencia con datos de panel. *Revista asturiana de economía*, 27, pp. 147-168.
- Güemes, M. I. (1999). Perspectivas teóricas sobre los salarios mínimos. *Anales de estudios económicos y empresariales*, 14, pp. 149-167.
- INSEE (2016). *Garantie mensuelle de rémunération [Garantía mensual de remuneración]*. Recuperado de <https://www.insee.fr/fr/metadonnees/definition/c1099>
- Lacuesta, A., Izquierdo, M., & Puente, S. (2019). *Un análisis del impacto de la subida del salario mínimo interprofesional en 2017 sobre la probabilidad de perder el empleo*. Documentos Ocasionales, n.º 1902, Banco de España.
- Legge, S. (2009). *Effects of Minimum Wage Policy on Poverty in Argentina [Efectos da política de salario mínimo sobre a pobreza en Arxentina]*. Hamburg: Diplomica Verlag GmbH.
- Ley 8/1980, de 10 de marzo, del Estatuto de los Trabajadores (BOE, núm. 64, de 14 de marzo de 1980).
- Orden, de 26 de octubre de 1956, por la que se modifican los Reglamentos y Tablas de salarios para el Campo (BOE, núm. 346, de 11 de diciembre de 1956).
- Organización Internacional do Trabajo. (2014). *Sistemas de salarios mínimos*. Ginebra: Oficina Internacional do Trabajo.
- Organización Internacional do Trabajo (s.d.). Salario mínimo. Recuperado de <https://www.ilo.org/global/topics/wages/minimum-wages/lang--es/index.htm>
- Pin, J. R., & Barceló, D. (2009). *Incidencia del incremento del salario mínimo en la tasa de desempleo*. Navarra: IRCO.

- PSOE & UP (2019). *Coalición progresista. Un nuevo acuerdo para España*. Recuperado de <https://ep00.epimg.net/descargables/2019/12/30/87348523b35b92d92f5702e3cc84d950.pdf>
- Gabinete Económico de CCOO. (2019). *La subida del salario mínimo en 2019*. Recuperado de <https://www.ccoo.es/ec4e2899c88ac9384a08bb3d6f9a1d4c000001.pdf>
- Real Decreto 1257/1980, de 6 de junio, por el que se fija el salario mínimo interprofesional (BOE, núm. 155, de 28 de junio de 1980)
- Real Decreto 170/1990, de 9 de febrero, por el que se fija el salario mínimo interprofesional para 1990 (BOE, núm. 36, de 10 de febrero de 1990).
- Real Decreto 2656/1996, de 27 de diciembre, por el que se fija el salario mínimo interprofesional para 1997 (BOE, núm. 313, de 28 de diciembre de 1996).
- Schulten, T. (2014). *Contours of a European Minimum Wage Policy [Contornos dunha política europea de salario mínimo]*. Berlín: Friedrich Ebert Stiftung.
- Vellvé, F. J. (2017). Política de salarios mínimos: influencia sobre la desigualdad económica en la Unión Europea. *Investigación Económica*, LXXVI, (302), pp. 77-101.